




NOTA DE PRENSA

Pola presente, lles comunico, que con data do 5 de setembro do 2009, entrou en vigor o Decreto 42/2009 do 21 de xaneiro que regula a Certificación Enerxética na Comunidade.



Este decreto afecta a todas as vivendas, sexan unifamiliares ou colectivas con data de visado posterior ó 5 de setembro do 2009, así como ós locais comerciais de nova apertura, ou os que soliciten reforma sempre que a potencia contratada supere os 5 Kw.

Na práctica obriga ó edificios á obtención dunha etiqueta de eficiencia enerxética (similar á da imaxe) certificada por laboratorio independente, que indique o grado de eficiencia do inmovible, para a obtención da correspondente licenzia de primeira ocupación.

Esta etiqueta deberá de quedar á vista nunha parte accesible do inmovible ou local.

Este sistema, xa utilizado dende fai tempo nos electrodomésticos de consumo habitual, determinará en certa medida a calidade final da vivenda rematada, xa que a mellor construción, será moito máis fácil obter unha cualificación enerxética alta (A-B ou C).

Xa que no Concello de Boiro estimamos que dada a súa data en vigor (5 de setembro do 2009), as primeiras vivendas rematadas comezarán a solicitar licenzia de primeira



Concello de Boiro

Departamento de urbanismo

Pza de Galicia s/n – 2º andar – 981 844 800

ocupación a partires de finais deste ano ou comezos do ano 2011, o interese do departamento de urbanismo está en facilitar calquera dúbida ou cuestión que suscite, tanto a particulares como principalmente a empresas constructoras do Concello durante este tempo de transición, facilitando as consultas ó respecto a través do servizo técnico municipal os luns e os mércores en horario de mañá, e sen necesidade de desplazamento, a traves da páxina web do concello, no correo urbanismo@boiro.org indicando no "asunto: EFICIENCIA ENERXÉTICA".

EN Boiro, a 11 de marzal do 2010

Asdo: Xoán León Vidal
Concelleiro delegado de Urbanismo
Ilmo. Concello de Boiro.